


acuuario

UNHA ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA A XENTE MIÚDA DA CASA




falaRedes
programa de dinamización lingüística

ACUARIO

ACTIVIDADE DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
“FALAREDES 2013”, DESTINADO A CONCELLOS DA REDE DE
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA

“Acuario” é teatro baseado no libro de poemas de María Canosa que leva o mesmo título. O seu obxectivo é que a xente miúda da casa se achegue á poesía en lingua galega á vez que aprende os nomes dos peixes e descobre a riqueza biolóxica (e gastronómica) do noso litoral. Todo isto faise dun xeito ameno e divertido grazas á presenza dos vistosos monicreques, dos actores que lle imprimen humor e dinamismo á actividade, da música e dunha escenografía sinxela e á vez atractiva.

.....
María Canosa (Cee, 1978) recibiu o seu primeiro premio literario, o da Asociación Cultural O Facho, en 1986. Desde entón publicou poesía, novela e contos e converteuse nunha dinamizadora cultural. Moi coñecida pola súa participación no programa da TVG “Cifras e Letras”, actualmente colabora en La Voz de Galicia e traballa no programa “Verbas van” da TVG.

A poesía é unha linguaxe importantísima para o desenvolvemento de sensibilidades comunicativas que axudan a espertar nas persoas novas o amor pola lingua e a descubrirlles outros xeitos de achegarse ao mundo dende o galego, de entendela e de apreciála. Acuario é un conxunto de versos doados e musicais que en ningún momento esquecen o seu propósito didáctico: amosar a maxia do noso patrimonio lingüístico... e mariño.

“Acuario” chegará, no marco de “FalaRedes 2013” e desde outubro a decembro, aos concellos de A Baña, A Bola, A Cañiza, A Coruña, A Laracha, A Peroxa, Aranga, Boqueixón, Cabana de Bergantiños, Castrelo de Miño, Castro de Rei, Cee, Celanova, Cerceda, Corcubión, Cospesito, Cotobade, Curtis, Dodro, Lobios, Melide, Muros, Muxía, Neda, Negreira, Ordes, Ourense, Ponteceso (en colaboración coa Fundación Eduardo Pondal) e Pontedeume.

ELENCO:

Para esta posta en escena contaremos coa autora do poemario, María Canosa, e mais cos tres actores de Teatro dos Ghazafellos: Pepablo Patiño, Montse Piñón e Jorge Casas.

NECESIDADES TÉCNICAS:

Toma de corrente 220v. 1000w.

Espazo escénico: 5 de ancho, 4 de fondo e 3 de alto.

DURACIÓN:

45 minutos aproximadamente.

PÚBLICO RECOMENDADO:

Nenos/as de 5 a 8 anos e as súas familias.

ACUARIO

ACTIVIDADE DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
“FALAREDES 2013”, DESTINADO A CONCELLOS DA REDE DE
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA

